

Expiar os pecados políticos, escribir *O Porco de Pé*

The Atonement of Political Sins, Writing O Porco de Pé

ALBERTO ALLEGUE LEIRA

C.P.I. Castro Baxoi
lugarchamadokindberg@edu.xunta.gal

Recibido: enero 2020. Aceptado: enero 2020

Resumo: *O porco de pé* (1928), en tanto que romance cunha extensión suficiente, pode ser entendido como unha vía para expresar contidos políticos nun contexto dominado pola forte censura sobre as publicacións periódicas. Esta obra parece servir para revisar as estratexias políticas do nacionalismo galego no período 1918-1924 (participación electoral, cooperación co agrarismo, colaboración coa ditadura), ao tempo que exerce unha dura sátira contra o réxime de Primo de Rivera, centrada sobre todo nos seus discursos e mobilizacións. Neste traballo tamén examinamos os posibles referentes históricos, máis ou menos explícitos, que Risco agocha con trazo groso tras algúns personaxes e situacións, entre os cales descubrimos o propio autor da narración.

Palabras chave: *O porco de pé*, Vicente Risco, ditadura de Primo de Rivera, nacionalismo galego.

Summary: *O Porco de Pé* (1928), being a novel of substantial length, can be read as a way to express political contents in a context of extreme censorship on the press. This book seems to be useful to revise the political strategies of Galician nationalism during the period 1918-1924 (electoral participation, cooperation with agrarianism and collaboration with Primo de Rivera's dictatorship), while implying a searing satire against Primo de Rivera's regime, focused on its speeches and mass movements. In this article we also analyse the possible historical referents, more or less explicit, that Risco hides in broad strokes behind some characters and situations, among which the author himself can be found.

Key words: *O porco de pé*, Vicente Risco, Primo de Rivera's dictatorship, Galician nationalism

I.- RECEPCIÓN, CENSURA, INTENCIÓN POLÍTICA

Cando buscamos na hemeroteca a recepción de *O porco de pé*¹, descubrimos con certa sorpresa que foron escasos os traballos que, na altura en que o libro foi publicado, se ocupan de anunciálo ou de valorálo. De entre os poucos que encontramos, o primeiro foi a nota que inseriu o correspondente de *El Pueblo Gallego* en Allariz. Nela, tras sinalar con modestia que non está capacitado para opinar, cualifica a novela como unha «*sangrienta sátira, salpicada de estupendas ocurrencias*», da cal por suposto afirma que gustou moito, e por iso lle dera os parabéns ao autor anteriormente en persoa².

O seguinte texto que deu conta na imprensa da aparición de *OPDP* asínao Antón Villar Ponte, un dos xornalistas que máis chamou a atención sobre os libros galegos e que denunciou o escaso interese que lles espertaban aos xornais daquela altura. Talvez para compensar este desleixo el vai publicar non un, senón dous textos sobre esta obra de Vicente Risco (Villar Ponte 1928a, 1928b). No primeiro deles, unha recensión conxunta de tres obras aparecidas en 1928, dedica dous parágrafos ao *OPDP*, non emprega o termo «sátira» como facía o correspondente alaricano, mais si a cualifica como un libro de «*humour*» galego, onde hai «*alusiones felices y guiños irónicos para cosas de nuestro país*». Villar Ponte non deixa de sinalar que o protagonista da novela «*encuentra en Galicia muchos análogos*», descríbese como

el tendero, maragato o castellano, que de dependiente llega a dueño de comercio y luego a «fuerza viva», y a héroe local representativo, base de una aristocracia moderna que lleva sangre de Merrio [sic] en las venas en vez de la consabida sangre azul.

Porén, o fundador das IF indica que malia «*estar muy feliz en el estudio del protagonista*», tamén o está «*acaso, tanto o más todavía, en el dibujo de algunos tipos episódicos que recuerdan sujetos pintorescos de cualquier pueblo gallego*», con «*saetas agudas para todo y para todos*» e «*reflejos de cosas de actualidad muy en su punto y razón*», para concluír a súa recensión da obra coa afirmación de que *OPDP* «*se leerá mucho*». Na segunda recensión (Villar Ponte 1928b), inclúe un fondo e extenso encomio de Vicente Risco subliñando a súa valía, mal recoñecida en Galiza, e o seu carácter polifacético (entre outros méritos, «bó orientador político»). Despois, insiste nas ideas do anterior traballo («humorismo racial», o carácter galego da obra), e engade:

a fondura do anecdótico que serve de eixo â obra se mistura c'o episódico cheio de gracia e de bó senso criticista, para mostrarnos na historia d'unha familia e d'un ambiente que si non foi puido ser, a historia de moitas familias e moitos ambientes que foron e siguen sendo (Villar Ponte 1928b).

¹ En diante, referirémonos a esta obra como *OPDP*.

² «O porco de pé», *El Pueblo Gallego*, nº 1405, 22/08/1928, p. 13. En diante, citaremos este xornal como EPG,

Pola súa parte, outra colaboración xornalística que se fai eco da aparición desta novela de Risco, asinada por Felipe Fernández Armesto (1928) no xornal madrileño *La Libertad*, cómpre encadrármola na tensa relación que moitos dos daquela mozos que despois se chamarían Nueva Generación Gallega mantiñan cos homes das IF³. Ese texto coincide coa ponderación de Villar Ponte sobre o humorismo presente no libro, «*entre hiriente y compasivo, auténticamente gallego, ese humorismo que en vez de deshumanizar hace lo humano mostruoso*», e para alén de valorar a ollada «*rural*» con que Risco contempla a vida da cidade, e sinalar a calidade da lingua (cunha alusión velada á súa incoherencia ortográfica), a súa valoración de *OPDP* conclúe sinalando a influencia da literatura irlandesa sobre o autor ourensán, se ben

la influencia de James Joyce es a veces demasiado impertinente, sobre todo en esos casos de intento de definición por enumeración prolija de cosas, que cuando no tienen una gracia especial son un montón de palabras muertas. Pero cuando Risco se propone hacer las cosas por su cuenta, buscando lo original, no le cuesta nada escribir cosas tan buenas como Joyce, y aun superarle. Por esto es un poco incomprensible que a veces se supedita a el (Fernández Armesto 1928).

Canto a *A Nosa Terra*, o boletín das Irmandades inclúe un anuncio da obra no nº 252 (1/09/1928) e ocúpase tamén de *OPDP* de xeito breve na sección «Follas Novas» no número do mes seguinte, inserindo nesta ocasión unha fotografía do autor⁴. Esta recensión que, como é habitual en ANT, non aparece asinada apunta a ollada humorística e filosófica de Risco, destaca a «exaita visión que provoca no lector a sorriso aprobatoria e a conformidade co que está lendo» e, tamén de maneira un tanto xenérica, menciona que é «d'unha realidade abrumadora que desmenuza detalles e cousas da vida cotidián poñéndonos diante dos ollos admirablemente espidos e retratados vicios e prexuícios sociáis que desfilan constantemente pol-o vivir diario».

ANT agradécelle a Risco a publicación desta extensa obra e, por suposto, enzalza a súa figura, ao tempo que predi o inminente «bon xuicio da crítica» e que se venderá axiña (aínda que dous anos despois, en 1930, continúe a ser anunciada en ANT e non acadé a segunda edición até 1973).

Como se pode apreciar nas citas que fixemos destas recensións, os xornalistas non entran nunha análise máis ou menos concreta da obra de Risco, e para alén de apuntar dunha maneira algo elusiva ao contido humorístico, principalmente Villar Ponte fai fincapé no vínculo coa realidade coetánea e na crítica máis ou menos explícita que nela se exerce. Ningunha destas recensións identifica de

³ Boa parte desta recensión céntrase máis en valorar a figura do autor que a propia obra en cuestión, e non sorprende a insistencia en ubicar a Risco como unha figura relevante no pasado, subliñar o seu fracaso por falta de «*capacidad organizadora*» e poñer de manifesto as diferenzas entre «*los jóvenes*» e a xeración de Risco, refuxiada nun labor persoal tranquilo.

⁴ «O porco de pé, por Vicente Risco», *A Nosa Terra*, nº 253, 1/10/1928, pp. 10-11. En diante, citaremos esta publicación como ANT.

maneira expresa ningún episodio, situación ou persoa concreta a que se apunte no romance e ningunha advirte, tampouco, ou cando menos comenta, unha intención política nesta obra de Risco (Fernández Armesto só alude ao abandono da actividade política por parte dos nacionalistas da xeración de Risco).

Ao igual que acontece coa escasa repercusión que *OPDP* tivo na prensa, tamén nos sorprende a cativa ou nula atención que esta obra acadou nas comunicacións epistolares do propio autor ou dos seus amigos. A única información que podemos recompilar sobre o romance nos volumes editados da correspondencia de Risco é que lle enviou un exemplar a Philéas Lebesgue (Figueroa 1996: 129). Nada se menciona sobre *OPDP* nas correspondencias con Losada Diéguez, Teixeira de Pascoaes, nada aparece no epistolario que coñecemos de Ánxel Casal, o seu editor... Porén, o certo é que noutros epistolarios coetáneos igualmente son ben poucas as apreciacións que os correspondentes fan sobre obras literarias aparecidas naquela altura.

Non é improbable que tanto o ton elusivo das noticias na prensa sobre a aparición da obra como os silencios da correspondencia se deban ao temor á censura. Hai que lembrar que, desde setembro de 1923, cando o golpe de Estado, unha vez suspendidas as garantías constitucionais, o réxime de Primo de Rivera puxo en marcha toda unha pesada maquinaria para controlar o espazo público e perseguir e castigar aquelas opinións que non aceptasen o novo marco ou que contrariasen as novas autoridades. Aínda que os estudos teñen prestado unha maior atención á actuación da censura sobre as publicacións periódicas (Santoja 1986; Rospir 2017; Ínsua López 2016: 528-532), o certo é que toda a sociedade estaba baixo o control censor, e non deberíamos esquecerlo á hora de lermos hoxe os textos xornalísticos, literarios ou mesmo epistolares daquel período. Hai innumerábeis exemplos na prensa por causa da actuación da censura sobre artigos e libros e, por exemplo, en xaneiro de 1927 foron soados os ingresos na cadea de Xosé Lesta Meis ou do propio A. Villar Ponte (este, por segunda vez), decretados pola censura e motivados por artigos que, supostamente, apareceran publicados noutro continente.

Porén, no referido ao control governamental, fronte á prensa periódica o formato do libro ofrecía unha vantaxe non desdeñábel, como xa apuntou Vázquez Souza (2003: 236): se superaba as 200 páxinas, non tiña por que supeditarse a unha «previa censura» anterior á súa publicación e, consecuentemente, eximíao do permiso para ser editado e dispensábao de que o lapis vermello se inmiscise nos seus contidos eliminando ou modificando partes. O criterio do réxime de Primo a respecto da censura así o indicaba (Santoja 1986: 9) e, non parece unha casualidade, *OPDP* na súa 1ª edición ten 200 páxinas exactas, extensión que outorgaba ao autor maior liberdade para tratar temas «delicados». Talvez por iso, *OPDP* non é un libelo, como puido aspirar a selo *Os europeos en Abrantes*. Agora ben, aínda que Risco enfrenta un considerábel perigo en *OPDP* á hora de desenvolver asuntos que poderían resultar problemáticos para a ditadura, consideramos que obviamente tamén toma precaucións e gárdase de traspasar determinadas liñas. Por exemplo, Risco non introduce o movemento nacionalista na trama, obvia a tentación de propoñer un modelo político alternativo «positivo» ao Conde ou a D. Celidonio, tampouco inclúe ningún personaxe

ou figura relacionada directamente co exército⁵ ou nada menciona na obra a respecto da monarquía.

Daquela, esta presenza da censura ben podería condicionar a opción de Risco polo romance para expresar ideas que, por outras vías, poderían encontrar dificultades ou mesmo causarlle problemas, sobre todo tendo en conta o peso que acadan na trama episodios de cariz político. Outra proba de que *OPDP* parece ser unha maneira de tratar estes asuntos na altura en que foi publicado, como estratexia para fuxir da censura, viría indicala o que aconteceu coa serie de artigos que o autor ourensán publica en ANT a propósito da «Políteca do noso tempo» entre marzo e xullo de 1928, cando posibelmente *OPDP* xa estaba redixido na súa maior parte⁶. As cinco colaboracións, en que estuda principios políticos máis ou menos xerais (a defensa do nacionalismo mesmo no plano internacional, a crise do liberalismo, a crítica dos movementos antiparlamentares, as responsabilidades derivadas do principio de representación), podían ser entendidas como unha crítica á situación política do estado español naquel momento (Outeiriño 2008: 8) e, curiosamente, na última das entregas que coñecemos, antecipa Risco que o principio da «territorialidade da representación» será tratado no seguinte número do boletín, mais tal entrega non chega a publicarse, e no seu lugar reencontramos unha serie de artigos que o propio Risco asinou n'*A Águia* do Porto sobre a Galiza Renascente, sen ningún tipo de explicación sobre por que a anterior serie ficou interrompida⁷. Talvez fosen innecesarias novas explicacións aos lectores e lectoras de 1928, porque xa no número correspondente ao 1º de maio de 1924 a propia ANT explicitamente publicara os límites indicados desde a censura militar. Tempo despois, a comezos de 1930, tras a marcha do marqués de Estella, antes de que fose suprimida a censura previa na prensa periódica mais cando xa se deran ordes de rebaixar o seu rigor (Santoja 1986: 57-58), Risco indicará na mesma cabeceira que nese momento (por tanto non antes) xa se pode falar de política (Risco: 1930). E non só na imprensa, xa que é nesa altura cando aparece o seu libro *El problema político de Galicia*, obra que garda unha estreita relación coas aventuras de D. Celidonio (Rodríguez González 2016b: 205), e onde se recuperan e desenvolven ideas xa presentes na serie «Políteca do noso tempo».

⁵ Feito realmente meritorio, por exemplo, cando relata os ecos do golpe de Estado de 1923 en Oria ou a constitución da Xuntanza Cibdadana (Risco 2008: 124-135), xa que neses momentos, o poder foi ocupado polos militares en activo ou xubilados. No episodio final da homenaxe que a cidade rende a D. Celidonio, si se mencionan xenericamente «a banda do Reximento» ou cargos militares («Xefes e Oficiás da Garnición», Goberno Militar, Ordes Militares, ou Gobernador Militar), mais fican absolutamente diluídos na profusa relación de participantes que se relacionan nesa secuencia (Risco 2008:151-164) e reciben un protagonismo moi inferior ao que ocuparon na vida real nos primeiros tempos do Directorio Militar.

⁶ Rodríguez González (2016a: 9-10) indica que Risco redactaría a maior parte de *OPDP* ao longo de 1927. Por outra parte, en maio de 1928, Jacinto Santiago menciona que *OPDP* está xa en proceso de impresión e que el xa puido ler algúns capítulos que lle adiantou o autor (Santiago 1928).

⁷ Risco, «Políteca do noso tempo V. A responsabilidade da representación parlamentar», ANT, nº 250, 1/07/1928, p. 2-3; Risco, «Da Galiza renascente», ANT, nº 252, 1/09/1928, pp. 4-9.

Nestes máis de 90 anos que transcorreron desde a súa aparición, *OPDP* foi obxecto de variadas e, por veces, diverxentes lecturas, consecuencia da súa riqueza. Exercicio lingüístico, sátira da sociedade, crítica do filisteísmo... e tamén, intención política. É esta a dimensión en que quixeramos centrar o presente traballo porque, como xa indicamos anteriormente, desde o noso punto de vista a mensaxe política acada unha gran importancia neste romance de Vicente Risco. Isto é debido a que, para alén dos atrancos colocados pola censura ás publicacións periódicas para expresaren opinións políticas por esta vía (se non eran anuentes co réxime, claro está) *OPDP* pode ser entendida como máis outra contribución a ese proceso de reconciliación e reorganización que o nacionalismo galego comezara en 1925 e que recibía un importante pulo en 1928 (Beramendi 2008: 757-771).

De feito, na ollada cara atrás que parece ser *OPDP*, trátanse tres dos puntos da actuación política máis importantes e discordantes (a nivel interno) que o galeguismo enfrontara desde 1918 e nos cales o propio Vicente Risco xogou un papel destacado. Por unha parte está o sistema político da I Restauración borbónica e a participación electoral, coa trama da ascensión social de D. Celidonio e a súa relación co Conde. Tras a experiencia de 1918, que inspira varias das anécdotas de *OPDP*, foi un dos debates máis intensos no seo da IF ao longo da súa breve historia e unha das razóns que levou á súa escisión en 1922 (Beramendi 2008: 668-669, 673-677, 684-685, 690). Directamente relacionada con esta, encontramos a relación do nacionalismo galego co movemento agrario como forza «alternativa» ao *status quo*, unha amálgama que recorre ao Dr. Alveiros para encabezar a súa candidatura. Como foi estudado, a colaboración co agrarismo e a idealización desa forza política marcou boa parte do traballo político das propias IF (ou posteriormente da ING) entre 1916 e 1923 (Cabo 1998: 134-139; Beramendi 2008: 717-725). Por último, encontramos a tentación da nova orde que trae a ditadura de Primo de Rivera, a cal facilita ese episodio final onde D. Celidonio culmina a súa carreira ao ser «designado» alcalde por segunda vez e recibir unha homenaxe multitudinaria. A ditadura e os seus cantos de serea, coa promesa da rexeneración política e dunha Mancomunidade galega, lograron atraer durante os primeiros meses unha parte do galeguismo máis conservador, de maneira que o propio Risco foi deputado provincial. Tamén niso coñeceu de primeira man a realidade que se ve parodiada e caricaturizada no seu romance.

Porén, no momento en que se escribe e publica *OPDP*, todo iso xa formaba parte dun pasado relativamente recente, posibelmente bastante amargo para o galeguismo e para o propio Risco, polos escasos logros acadados, e do cal cumpría tiraren conclusións. En 1927, antes de impulsar de novo, de maneira decidida, o movemento nacionalista, cando xa houbera movementos de reconciliación tras as escisións galeguistas, a colaboración coa ditadura era un capítulo definitivamente pechado, e o agrarismo unha fonte importante de decepcións, podería ser útil identificar e aprender dos erros políticos alleos e propios. Talvez esa é unha das intencións máis explícitas de *OPDP*.

Para fundamentar mellor esta tese, consideramos que paga a pena facermos unha análise algo máis pormenorizada do tratamento de cada un destes axentes no romance, reparando nalgunhas das moitas similitudes que gardaban coa rea-

lidade, con especial atención a algúns dos «persoeiros» reais que Risco apenas agochou baixo personaxes da trama.

II.- A RESTAURACIÓN E A PARTICIPACIÓN ELECTORAL

Comecemos polo sistema político da Restauración e polos mecanismos de participación electoral, por desinalos eufemisticamente, xa que como ten sido explicado este consistía máis ben nunha cooptación de actores por relacións clientelares que propiamente nun sistema electoral con concorrencia plural e competencia de participantes (Prada + López Blanco 2001: 354-355). Un bo exemplo disto sería a designación de D. Celidonio como concelleiro e posteriormente como alcalde, por primeira vez, á que se alude sucintamente na narración (Risco 2008: 44, 80-81), mercé ao coñecemento e trato do Conde, figura de cuxas influencias se fala moito ao longo da narración e que resulta clave nos resortes do poder político.

Para «pintar» este sistema político, Risco bota man do personaxe do Conde. Das diferentes figuras que aparecen en *OPDP* é posíbel que sexa esta do Conde aquela máis facilmente recoñecíbel para os seus coetáneos e onde a intención satírica resulta ben evidente. Un político que tivese unha importante presenza en Madrid, que contase co seu «feudo» electoral en Galiza e que ostentase o título de Conde podía (e pode) levar a pensar en Gabino Bugallal Araújo (Rodríguez 2016b: 209-210), prócer nos anos finais da I Restauración borbónica de boa parte dos territorios galegos meridionais, e non tanto en Calvo Sotelo, como foi tamén foi apuntado (Outeiriño 2008: 8). Aínda que é certo que entre os políticos galegos daquela altura había moitos que contaban cun título nobiliario, a maior parte deles eran *marqueses* (de Riestra, de Alhucemas, de la Vega Armijo, de Figueroa...) e co título de conde quen sobresaía era Gabino Bugallal, distinción herdada da viúva do seu tío Saturnino Álvarez. As mostras do seu poder e as alusións á súa eficiente rede clientelar son explícitas no romance, fálanse dunha

sabia orgaización telegráfica, d'aquela perfecta rede interurbana de favores, servizos, ousequios, influencias, recomendacións, indicacións, ordes e consellos que abrangendo tres provincias, puña nas máns da Central instalada en Madrí, na casa do Conde, Política, Administración, Comercio, Banca (Risco 2008: 99).

Era a familia Bugallal, nos finais dos anos 10 e comezos dos 20, quen exercía unha notábel influencia no interior da provincia de Pontevedra, en boa parte senón en toda a de Ourense, e tamén no sur de Lugo unha vez que morreu González Besada (Prada + López Blanco 2001: 366 e ss; Pro Ruíz 2005: 237-242).

Así e todo, posibelmente como unha medida de protección, ao longo do romance encontramos unha constante por parte de Risco: mesturar nos personaxes de ficción trazos perfectamente identificábeis con persoas da vida real con outros moito máis xenéricos, ou ben que non correspondían abertamente con esa persoa. Por dicilo con palabras da profesora Rodríguez González (2016b:

206), as súas correspondencias non son biunívocas. Un claro exemplo é que ben ao Conde, ben ao seu partido e á súa política, se lles aplica en varias ocasións a etiqueta «liberal», e mesmo o enxeñeiro da Deputación explica a D. Celidonio que o Conde de ficción «está afeito ós troques de casaca» xa que foi «repubricán, liberal, conservador, maurista, e agora volve ser liberal» (Risco 2008: 120, 125, 131-132). Como é sabido, o Conde de Bugallal fixo toda a súa carreira política no partido conservador, ao igual que toda a súa familia, mesmo cando no seo deste partido tivo tensas relacións co maurismo.

Alén diso, como ha de facer co personaxe de D. Celidonio, Risco introduce na trama do romance elementos que son comúns a boa parte dos políticos daqueles anos ou, cando menos, non coinciden de maneira exacta coa «realidade» dos Bugallal. En primeiro lugar, a familia. No romance, para o Conde esta xoga un papel moi importante, ora porque o seu propio fillo asume responsabilidades políticas, ora porque a través do matrimonio axuda a consolidar o poder político do clan e o seu patrimonio económico. O noivado e posíbel casamento do seu fillo con Celidonia obedece estritamente a un cálculo político e económico e, cando o «enlace» deixa de ser conveniente, rómpese. Porén, esta mestura de política e familia non era exclusiva nin moito menos dos Bugallal. Os coetáneos de Risco poderían pensar en Montero Ríos, os Gasset ou nos Riestra como bos exemplos de «familias políticas» (en expresión de Julio Camba), e non os únicos. Certamente tamén os Bugallal teceron unha importante rede familiar a través de alianzas matrimoniais que lles permitiron ampliar e consolidar a súa ascendencia (Pro Ruíz 2005: 237-238, 292 e ss.), mais á hora de parodiar estas estratexias, non tiñan por que ser os únicos albos das chanzas de Risco.

Outra diferenza máis ou menos explícita entre o Conde do romance e o Bugallal histórico é que este non tivo un fillo senón dúas fillas. Con todo, os seus dous xenros si gardan un certo parecido co herdeiro do Conde. Ambos participaron de maneira destacada na política e os dous foron deputados. Manuel Fernández Barrón substituíu a Azorín como deputado por Pontearreas en 1916 e, desde entón e até 1923, esa circunscrición electoral confiou reiterada e cegamente nel, até tal punto que nunca contou con concorrente nunha convocatoria ás urnas. Pola súa parte, o caso de Luís Usera Bugallal, sobriño ao tempo que xenro do Conde, presenta máis similitudes co que podemos ler na ficción de Risco. Cando contaba con 28 anos (a idade mínima para ser eleito eran os 25), en 1918, foi elixido pola circunscrición de Xinzo de Limia, unha das que consideraran os nacionalistas nesa altura para presentar candidato e que curiosamente conta entre as súas parroquias unha denominada Solbeira, mais finalmente desistiron deste distrito (Beramendi 2008: 456-457). Desde entón Usera Bugallal revalidaría de xeito ininterrompido o mandato dos electores limiaos até 1923, cando chega a ditadura, e nese período foi quen de conciliar os seus deberes como deputado por Xinzo coa secretaría da Audiencia Provincial de Ourense ou coa Subsecretaría de Gracia e Xustiza no propio ministerio (Barreiro Fernández 2003: 720). O futuro presidente do Real Madrid C. F. entre 1930 e 1935 chegou a este distrito electoral unha vez que morreu Cobián Rofignac (un influente político liberal, «encasillado» en Xinzo durante varias lexislaturas grazas aos Bugallal), e cando non conseguiu ser eleito polo artigo

29, como en 1921 (momento en que ocupaba o cargo de Subsecretario de Graza e Xustiza no ministerio), o xenro do Conde parece que non pasou moitos apuros para vencer nos comicios⁸. Lembremos que en *OPDP* lese que cando «o fillo do Conde rematou a carreira», seu pai «cobizou pra il unha autá», así como que «o Conde dou sempre o distrito de Solveira ô seu lugartenente xeral, ata que morreu, pol-o que decideuse a trager ô seu propio herdeiro» (Risco 2008: 92, 101-102). No romance de Risco, é nesas eleccións que non chegan a celebrarse (de 1923?) que o Conde presenta o fillo por primeira vez.

Outra das diferenzas entre o Conde de *OPDP* e o Sr. Bugallal, que seguramente era ben coñecida polos coetáneos, radica en que o prócer galego non marchou a toda présa para o estranxeiro nada máis saber do golpe de estado do 13 de setembro de 1923 (como fixeron outras figuras políticas), e que posibelmente se o seu xenro comparecen decontado en Madrid non era debido ao medo, senón a procurar novas aventuras no seo da ditadura. Aínda que nun primeiro momento, tras a sublevación, as autoridades militares prenderon varios «segredarios de auntamento e os caciques», algúns deles vinculados ao partido de Bugallal, semella que D. Gabino non se deixou tomar polo medo, mesmo cando lle retiraron a escolta, e permaneceu en Galiza durante as primeiras semanas após o golpe. Non demorou moito en marchar á capital e alí retomar, se non as responsabilidades políticas, cando menos a vida social⁹.

Para alén de vivir en Ourense e ter que convivir coa rede clientelar dos Bugallal, Risco en particular e as IF como organización ousaran desafiar o poder desta familia política en 1918. Nun primeiro momento, valoraron a hipótese de presentar candidatos en sete circunscricións electorais da provincia de Ourense, moitas delas facilmente identificábeis como feudos do Conde (Bande, Celanova, Xinzo, Trives, a propia capital, que era uninominal, a diferenza doutras capitais galegas...), aínda que finalmente se limitaron a presentar a Lois Porteiro por Celanova, e apoiar a tendencia rival de Bugallal no partido conservador, o maurismo, no Carballiño. Como é sabido, o candidato galeguista acadou uns resultados relativamente aceptábeis no distrito do suroeste ourensán, mais non conseguiu ser eleito. O seu contrincante, Senén Canido, naquela altura Presidente do Tribunal de Contas, e anteriormente maxistrado da Sala Terceira do Tribunal Supremo, gañara ininterrompidamente desde 1891 a confianza do electorado celanovés, en varias ocasións acadou a totalidade dos votos emitidos (semella que isto aos candidatos conservadores en Ourense non lles

⁸ Por exemplo, en 1918 acadou 6.737 dos 7.336 votos emitidos; uns resultados non tan satisfactorios como os de 1920 cando acada 7.884 de un total de 7.884 votantes. *Vid.* http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/Iniciativas?_piref73_2148295_73_1335437_1335437.next_page=/wc/servidorCGI&DOCORDER=FIFO&QUERY=%28116150.NDIP.%29&docs=1-1&OPDEF=Y&FMT=DIPHXDSS.fmt&CMD=VERLST&BASE=DIPH (consultado o 3/04/2018).

⁹ Risco (2008: 124). No xornal *ABC* podemos seguir os seus pasos tamén tras o golpe de Primo de Rivera. *Vid.* *ABC* 20/09/1923, p. 13; 4/10/1923, p. 19; 22/12/1923, p. 14; 25/12/1923, p. 17. As dificultades do seu xenro, Luís Úsera Bugallal, non deberon de ser moitas xa no comezo da ditadura, porque en decembro era nomeado secretario da Audiencia Provincial de Bilbao (*sic*), *vid.* *ABC*, 7/12/1923, p. 10.

resultaba en absoluto imposible), e mesmo nalgunha ocasión fora proclamado polo artigo 29¹⁰. Parece que o proceso electoral de 1918, malia á formación xurídica e a responsabilidade institucional do candidato gañador, non observou as normas como sería desexábel, o que deu lugar a denuncias de puchirazo, e posteriormente a impugnacións, queixas nas Cortes, xuízo na Audiencia Provincial, etc. (Beramendi 2008: 456-458). As queixas sobre a limpeza do proceso tamén atinxiron á Estrada, e non foron os de 1918 episodios puntuais. Por exemplo, nos comicios de 1923, os últimos da I Restauración borbónica, en Tui, distrito por que se presentaba o exministro de Graza e Xustiza, máis outro home de confianza do Conde de Bugallal, os procedementos electorais non mostraron moita melloría. A vitoria de Mariano Ordóñez logrouse con estradas e liñas telefónicas e telegráficas cortadas, e coa vila nun auténtico estado de excepción¹¹.

Diante da forza dos políticos do sistema turnista, os contrincantes non debían de se facer moitas ilusións. D. Celidonio deixoullo claro ao Dr. Alveiros na visita que tan ben ilustra unha das mañás empregadas polo poder para debilitar o agrarismo, a posíbel captación dos elementos directores a cambio dalgunha prebenda outorgada desde a Administración (Cabo 1998: 96). Actuando como «gramófono» do Conde, D. Celidonio advirte sabiamente o candidato dos *outros* por Solveira de que «Vdes. non poden gañar, porque o Conde ten as mesas, ten os carteiros, ten a Xunta do Censo, ten o Supremo, e que vai o que teñan os agrarios?». Nesta ocasión, as palabras do romance tampouco parecen ser unha creación imaxinaria de Risco, senón unha analoxía bastante exacta coa realidade, e por algo as expectativas electorais do Dr. Alveiros ante a convocatoria semellan reducirse a tomar vinganza polo despeito amoroso impedindo a elección automática do candidato do Conde mercé ao famoso artigo 29 (Risco 2008: 98, 105-112).

Aludir ou parodiar os procedementos e as miserias do Conde de Bugallal en *OPDP* non era só cuestión de axustar as contas co pasado, recordar a imposibilidade de vencer na participación electoral un inimigo indigno, mais tremendamente poderoso, posicionamento que defendera no seo da IF entre 1918 e 1923. Era tamén apuntar o panorama de 1928. Aínda que hoxe deamos por sentado que o poder desta figura xa esmorecía, a ameaza do seu rexurdimento, durante a ditadura e mesmo despois desta, semellaba ben real. Malia a un certo debilitamento da súa rede clientelar, Bugallal Araújo continuou a ter presenza pública e erixiuse como autoridade ou representante do Partido Conservador durante os anos do réxime do marqués de Estella. Os galeguistas seguían temendo ou, polo menos, intuían a súa presenza aínda poderosa, unha presenza que o propio

¹⁰ http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/SDocum/ArchCon/SD-HistoDipu/SDBuscHisDip?_piref73_1340033_73_1340032_1340032.next_page=/wc/servidorCGI&CMD=VERLST&BASE=DIPH&FMT=DIPHXLSS.fmt&DOCS=1-100&DOCORDER=FI FO&OPDEF=Y&QUERY=%2820510.NDIP.%29(consultado o 4/04/2018). Segundo esta fonte, oficialmente nos comicios celebrados o 24 de febreiro de 1918, Senén Canido logrou 4.726 dos 6.443 votos emitidos.

¹¹ Os pormenores deste episodio poden seguirse, entre outros, no xornal *Galicia*. Vid. os números correspondentes aos primeiros días do mes de maio de 1923.

Bugallal procurou intensificar na esfera pública unha vez que o futuro da ditadura primorriverista comezaba a mostrar dúbidas. Por exemplo, a comezos de 1928 podemos ler unha declaración de guerra do nacionalismo galego contra o «ñor de Bugallal», de quen se perciben as manobras para voltar ao estado de cousas anterior a setembro de 1923¹²... Tras a renuncia do marqués de Estella, cando xa todo apuntaba ao final do réxime ditatorial, vai ser o propio Vicente Risco quen nas páxinas de ANT, á hora de analizar a nova situación que daquela se abría, volva a apuntar do perigo de que regresen «á vida» os vellos caciques, e sinala que «os bugallalistas andan matinando no repartimento dos distritos», ao tempo que avisa que «esa forza, crebada e todo, vive aínda c' unha fonda vida que pode volver ser omnipotente». Risco advirte que

en lugar da Ditadura, pode voltar a preditadura ou protoditadura bugallálica e garciaprética, que ten a seu prol a forza incalculábele da inercia, do hábito, dos costumes, das tendenzas conxénitas ao mandíño e á cacicada e ao réxime de favor (Risco 1930: 9).

Ao longo dese ano, son varias as ocasións en que podemos seguir no voceiro das Irmandades expresións de temor a que volte o réxime turnante anterior a 1923, ou mesmo alusións explícitas e pouco positivas á figura do propio Bugallal¹³. Na altura en que se publica *OPDP*, o dinosourio aínda estaba alí.

O propio Risco, no ensaio político que publica en 1930, a que xa nos referimos máis arriba, continúa a sinalar a Bugallal como ameaza, para alén de mencionalo de maneira reiterada como paradigma do caciquismo, da perversión do sistema parlamentar ou da desatención aos problemas galegos¹⁴.

III.- OS AGRARIOS

Outro dos axentes que é motivo de sátira política no romance de Risco é o movemento agrario. A voz narradora xustifica a súa irrupción na novela pola intervención dun deus abismal cego, xordo e mudo, propio das traxedias gregas. Porén, cremos que a súa participación na trama está ben próxima da comedia.

¹² «Peneirando», ANT, nº 246, 1/03/1928, p. 11. O redactor desta sección, que aparece sen sinatura, emprega a 1ª persoa para declarar que «nós ollamos [a Bugallal] branco e tremelante cando soubo a primeira noticia do golpe d'Estado do 23 de Setembro, que foi en Viveiro», mais «agora xa runfla novamente». E igualmente afirma que «Nós, por decontado, berramos: ¡¡Bugallal, voilà l'ennemi!! E Bugallal tencionna volvere... Aviso a tempo. Antes que Bugallal calquera cousa».

¹³ Entre outros exemplos, *vid.* «Ao decorrel-os días», ANT, nº 270, 1/04/1930, p. 1; «Peneirando», ANT, nº 272, 1/06/1930, p. 9-10; «Ao decorrel-os días», ANT, nº 277, 1/11/1930, p. 1-2; «Ao decorrel-os días», ANT, nº 278, 1/12/1930, p. 1-2; Casas, V. «Do momento», ANT, nº 278, 1/12/1930, pp. 4-5; «Peneirando», ANT, nº 278, 1/12/1930, pp. 9-10.

¹⁴ *Vid.*, por exemplo, os capítulos «Como es gobernada Galicia», «Galicia y el parlamentarismo», «Los partidos políticos en Galicia» ou «El momento actual» (Risco 1994: 143-151, 152-163, 181-198, 222-224). Non eran temores infundados, como demostra o feito de que aproximadamente o 80% dos candidatos nas eleccións municipais de 1931 en Ourense estiveran integrados ou participaron con anterioridade na rede caciquil de Bugallal (Cabo Villaverde + Soutelo Vázquez 2000).

Os que veñen propor ao Dr. Alveiros que acepte ser candidato polo distrito de Solveira son unha parella heteroxénea (un avogado mais un tendeiro que acaba de retornar da emigración), e as súas motivacións parecen obedecer, no caso do tendeiro, á ansia de promoción persoal. A propia voz narradora indica que o «rótulo político» de «agrario» é «unha moda que fan arastora», e a súa indefinición política ou programática tamén se explica porque «sendo agrario, pódese ser o que se queira, agás agrario propiamente dito» (Risco 2008: 96-98, 101).

Unha «ocorrenza» que encontramos en *OPDP* relacionada co agrarismo pode ser a evidente alusión a Ramón Cabanillas, como xa ten sido apuntado (Morán 2008: 226; Outeiriño 2008: 33). Tras aceptar a candidatura dos agrarios polo distrito de Solveira e unha vez que lle limparon a espada, o Dr. Alveiros vese posuído polo espírito dos irmandiños que serviron o Mariscal e ponse a recitar, invocando o seu devanceiro. De paso, alude ou parafrasea a obra do poeta cambadés: a figura heroica do Mariscal ou o verso que figuraba no himno de Acción Gallega («dend'Ortegal ô Miño») (Risco 2008: 98-99). Non é esta a primeira vez que se alude no romance á orixe fidalga do Dr. Alveiros e á súa familia como loitadora nas guerras irmandiñas (Risco 2008: 89-90), mais a inclusión deste pasado «heroico» e os ecos dunha loita agraria tan radical poderían facilmente soar un tanto ocos ou tópicos, cando os lemos xusto despois de que unha comisión tan prosaica viñese co ofrecemento da candidatura e ao sabermos que as verdadeiras motivacións que puxan o Dr. Alveiros á política son o desamor e o Demo.

Acción Gallega e o seu himno ficaban xa lonxe no tempo, mais seguro que algúns lectores e lectoras os tiñan na súa memoria, recordando tempos idos e arroutados, diferentes a ese 1928 en que é publicado *OPDP. Da terra asoballada* fora reeditada en 1926, ora nesa 2ª edición xa non se recolle poema ningún de loita agrarista, nin por tanto «Acción Gallega», publicado por última vez en formato libro na segunda ed. de *Vento Mareiro*, en 1921. Entretanto, a diferenza do himno agrario, Cabanillas non foi dado ao esquecemento: en 1926 dera ao prelo cinco libros (entre os que se conta *O Mariscal*, a obra a que tamén se alude explicitamente nos versos pronunciados polo Dr. Alveiros e da cal fixera Risco unha laudatoria recensión¹⁵), e ao longo de 1927 estivera de actualidade, con motivo da súa designación como novo membro da RAE, representando nesa institución xunto con Cotarelo as Letras Galegas, nunha secuencia de debates e homenaxes que evidenciou un certo distanciamento dos seus irmáns galeguistas, incluído Risco (Ínsua 2005: 300-315; Rei 2009: 301-326). Talvez a breve alusión á súa obra en *OPDP* obedezca a marcar unha ollada irónica sobre posicionamentos de outrora que estaban ao servizo de causas menos nobres nesa altura de 1928. As ilusións dunha loita labrega nacional, inspirada no precedente de Pardo de Cela e dos irmandiños, son invocadas polo Dr. Alveiros tras a visita dun tendeiro con ínfulas retornado da emigración e dun «picapleitos, barulleiro e aduaneiro», cabezas «rectoras» do agrarismo. Quen expresara aquelas ideas de xeito tan hábil era agora agasallado por vellos políticos en

¹⁵ *Nós*, nº 35, 15/11/1926, p. 18.

rimbombantes homenaxes e deixábase querer pola nova orde «cultural» do réxime¹⁶.

Volvendo ao carácter heteroxéneo do agrarismo, este sublíñase no episodio do mitin en Solveira a que acode o Dr. Alveiros, e onde vai intervir despois doutros catro representantes, que son o presidente da Federación do distrito, un «agrario d'outro distrito», o avogado coxo -asiduo compañeiro da tertulia do café Novelty- e o Presidente da Federación Provincial. Risco pon na boca destes personaxes os tópicos do discurso agrario e republicano, desde a crítica do caciquismo e as falcatradas dos secretarios dos concellos até o anticlericalismo e o remedio costista de escola e despensa/regadío, pasando polos contos humorísticos. Tras estas parodias intervén o propio Dr. Alveiros, nunha breve alocución onde se afirman ideas que contrastan coas dos seus predecesores e que dificilmente poderían ser cómicas ou paródicas para o autor do romance, tal como afirmar que o fin último do agrarismo debiera ser que «a clás labrega chegue a ser a que goberna a Galiza autónoma, ceibe e redimida» (Risco 2008: 116-119).

De novo, Risco sitúa estes feitos xusto antes do golpe de Primo de Rivera, que é cando esta elección parcial ía ter lugar, e neste caso notamos a presenza, non de «persoeiros», mais de entidades e accións que os historiadores documentan como reais e que o público lector coetáneo posibelmente identificaría con facilidade. En efecto, a partir de 1922, cando se constituíu a Confederación Rexional (o secretario da Federación Provincial Agraria que vai visitar a Alveiros afirma estar comisionado por esta), o agrarismo decidiu participar activamente nas eleccións municipais e a Cortes, mais parece que cun escaso éxito¹⁷. Así mesmo, nestas páxinas de *OPDP* en que se ocupa do movemento agrario, son frecuentes as alusións á Federación Provincial Agraria (o secretario vai visitar a Alveiros, o presidente intervén no mitin de Solveira, posteriormente fará declaracións a prol da ditadura... Risco 2008: 97, 117, 125), unha entidade real que na provincia de Ourense se constituíu en 1920 e que tivo milleiros de afiliados no período anterior ao golpe do marqués de Estella. A presenza no mitin de Solveira do avogado coxo, personaxe de ideas «moi avanzadas», descontento con todo, mais simpatizante do republicanismo, o laicismo e a clase obreira que tanto atemorizaba a D. Celidonio (Risco 2008: 73-75), tamén podería explicarse porque a FPA de Ourense colaborou de xeito activo nesa altura co movemento obreiro (Cabo 1998: 118-127).

Outro elemento da trama de *OPDP* relacionado co agrarismo que tamén garda correlación cos feitos históricos é o que acontece no distrito de Solveira pouco despois do golpe de Estado: todos os concellos son agrarios e, igualmen-

¹⁶ Porén, parece que Cabanillas non se debeu sentir molesto pola alusión que o Dr. Alveiros fai da súa obra, porque cando Risco ingrese na Academia Galega en febreiro de 1929, por tanto poucos meses despois da aparición de *OPDP*, é o propio Cabanillas o numerario encargado de lle responder.

¹⁷ Nos comicios de 1923 houbo un único candidato agrario na provincia de Ourense, que foi Basilio Álvarez, quen concorreu no distrito da capital, contando con poucos apoios, mesmo inferiores aos que inicialmente estaban nas súas contas (Cabo 1998: 124-125).

te, o Presidente da Federación Provincial apoia o réxime ditatorial. A CRAG e moitas Sociedades e Federacións mostraron case de xeito inmediato as simpatías polo novo réxime, por toda Galiza os agrarios foron promovidos polos delegados gubernativos a postos de responsabilidade en concellos e deputacións (Cabo 1998: 151-156).

Porén, mais unha vez deberíamos considerar o momento en que Risco ollara cara atrás. En 1928, a CRAG esmorecía, as Federacións Provinciais estaban inactivas e o movemento agrario dilapidara boa parte do seu potencial, ao asumir a solución redencionista para o problema dos foros (un conflito que en ningún momento se menciona en *OPDP*, como tampouco son aludidas as vítimas nas filas do movemento agrarista nas décadas de 10 e de 20) e ao seguiren liñas de actuación diverxentes cada unha das tendencias que convivían no agrarismo (Cabo 1998: 156-160), asumindo aqueles que decidiron colaborar coa ditadura parte do seu desprestixio conforme foi avanzando a década. Xa indicamos o especial interese que Risco en particular, e o galeguismo en xeral, mostrou cara ao movemento agrario e como as IF participaron e apoiaron moitas iniciativas agraristas. Mesmo en 1923, nese momento en que podemos situar a competición electoral de *OPDP*, tras a escisión, a ING quixo intensificar as súas relacións coa FPA de Ourense (Cabo 1998: 138-139). Ben é certo que parte do nacionalismo caeu no mesmo erro que boa parte do agrarismo, colaboraren co réxime de Primo de Rivera tras as expectativas xeradas nun primeiro momento, mais o interese (ou a ansia de tutela) do nacionalismo sobre o movemento agrario non desapareceu co desengano que se deixa ver en *OPDP*. O propio Risco en 1930, xa sen parodia nin sarcasmo, repetía a súa diagnose sobre o agrarismo, identificando como eivas súas os vínculos co socialismo, as súas divisións internas e a súa heteroxeneidade, así como o balanço negativo da súa colaboración coa ditadura (Risco 1994: 199-211). Parece claro que en 1927-8, Risco xa pensaba iso aínda que non podía expresalo dunha maneira tan franca. Se ben a ollada sobre os agrarios parece displicente e chea de humor en *OPDP*, a presenza destes no enredo denota que era outro elemento político que pagaba a pena reconsiderar.

IV.- A DITADURA

En terceiro lugar, como xa apuntamos, a política en *OPDP* reserva un lugar destacado para a ditadura de Primo de Rivera, e igualmente resulta posíbel afirmar que a presenza desta na obra ten sempre un carácter satírico (Outeiriño 2008: 7, 11). Tórnase evidente no final da trama, cando a nova ascensión de D. Celidonio ao poder vén acompañada por unha inmensa homenaxe que non se ve moi afectada polo incendio da Biblioteca Municipal, mais son moitos outros os aspectos en que se alude ou parodia o golpe de Primo de Rivera e o seu réxime, algúns dos cales talvez non foron suficientemente subliñados nos estudos sobre este romance de Risco.

Por exemplo, a relación entre a violencia sindical e a ditadura, a ameaza operaria e os medos, mesmo a doenza, que sofre D. Celidonio a causa deles. Cómpre lembrarmos que na trama narrativa, o protagonista non «descobre» o

sindicalismo e a violencia obreira en Oria, senón durante a súa viaxe a Madrid, onde escoita falar dos sanguinarios obreiros armados que pertencían a unha asociación xa espallada por todo o estado (Risco 2008: 37-41). Posteriormente, o seu delirio, diagnosticado polo Dr. Alveiros como «mal roxo» (2008: 58), vai intensificar ese «*pathos*» de terror, no cal obreiros disparan sen piedade á vítima burguesa. Máis adiante, unha vez que ten lugar o golpe de Estado do 13 de setembro, D. Celidonio recupera a esperanza cando sabe que as autoridades reprimen os sindicalistas e garanten a fin dos atentados, e mesmo o futuro alcalde acode á reunión da Xuntaza Cibdadana coa coartada da unión dos «homes de Orde» na loita contra a «Hidra Revolucionaria». Finalmente, o seu regreso á alcaldía ten lugar xa libre de todo medo á revolución social (Risco 2008: 128, 132, 135-136).

Esta violencia sindical, en principio unha experiencia allea ao mundo de D. Celidonio que el interiorizou como medo real cando a súa viaxe, mais de que nunca foi testemuña presencial, foi unha das razóns que empregou Primo de Rivera e os seus ideólogos para lexitimar a súa chegada ao poder. O marqués de Estella quixo presentarse como un salvador fronte á violencia do sindicalismo anarquista que tanto preocupaba a burguesía, principalmente a catalá, sacrificándose de xeito altruísta para domear os inimigos internos da «nación», entre os que a ameaza da violencia sindical tiña un lugar destacado (Ben Ami 2012: 44-52, 70-72). Porén, aínda que a violencia no marco das relacións laborais se mitigou nos anos da ditadura, ao longo da década o réxime continuou a esgrimir na súa propaganda a ameaza comunista como razón para xustificar tanto a súa chegada ao poder como a intención dun novo ordenamento xurídico que o perpetuase. Por exemplo, ao longo de 1927, en data moi próxima á redacción de *OPDP*, o propio Primo de Rivera ou intelectuais «afíns» á ditadura como Maeztu ou Pemartín, publicaban en *La Nación* (o xornal promovido polo réxime), artigos en que advertían da ameaza comunista e os horrores soviéticos, ao tempo que se erixían como sentinelas de Occidente contra o comunismo (Ben Ami 2012: 168-169; Quiroga 2007: 55-58). Se entendemos tamén *OPDP* como exercicio de linguaxe centrado na parodia dos discursos dominantes (Millán Otero 1996: 764), o pánico que D. Celidonio experimenta ante as forzas operarias, os seus delirios e pesadelos «roxos», poderían constituír máis unha burla da ideoloxía primorriverista.

Agora ben, non todo o movemento obreiro foi tratado con hostilidade por parte da ditadura e xa, desde os inicios, tanto o PSOE como a UXT tiveron unha reacción de cautela (e non de condena) fronte ao golpe e despois viron como se lles concedeu, especialmente á UXT, un papel destacado para así poder presentar concesións «razoables» nos dereitos dos e das traballadoras e procurar aplacar o movemento obreiro. Á diferenza de comunistas e anarquistas, a UXT colaborou en bastantes iniciativas da ditadura (Ben Ami 2012: 85-86, 258-272) e isto semella que tamén tivo unha breve alusión na trama de *OPDP*, cando D. Celidonio encontra, para a súa grande sorpresa, o Restituto Mendes e o avogado coxo na mesma Xuntanza Cibdadana a que el foi convocado e da cal sae designado presidente (Risco 2008: 133, 136). Nisto podemos identificar unha nova alusión á realidade ourensá, xa que unha das figuras máis destacadas do socialismo na cidade das Burgas, Manuel Suárez Castro, elixido

como concelleiro antes de setembro de 1923, tamén figurou como edil nomeado polo gobernador civil tras o golpe militar¹⁸.

Canto a esta entidade, a Xuntanza Cibdadana, que xa é mencionada na primeira páxina do texto, parece difícil non ver nela un transunto bastante evidente da Unión Patriótica (Rodríguez 2016b: 214), o partido único promovido pola ditadura que vai collendo forma a partir de 1924 e que se conformará organicamente en 1925. As similitudes entre unha e outra son varias, para alén das sintácticas e semánticas das súas denominacións. En primeiro lugar, cómpre lembrarmos que nos seus inicios, esta formación política foi designada, cando menos na provincia de Ourense, Unión Ciudadana¹⁹, o que aínda torna máis patente a identificación entre a entidade real e aquela a que é convidado D. Celidonio por medio dun «*Besalamano*». A Unión Ciudadana, despois Unión Patriótica, constitúese pouco despois do golpe, os seus integrantes son seleccionados e convidados a participar polo delegado gubernativo, presentan un carácter heteroxéneo entre os seus membros, que procuraban unha oportunidade de participar no poder e en non poucos casos tamén formaran parte dos vellos partidos dinásticos e, desde o punto de vista ideolóxico, baseábase en principios vagos e eclécticos (Ben Ami 2012: 125-149). O «enxiñeiro da Diputación» explicoullo con poucas palabras a D. Celidonio nesa reunión fundacional da Xuntanza Cibdadana, cando o futuro alcalde ficou estupefacto ao encontrar entre a concorrencia o avogado coxo, o Restituto Mendes e o Presidente da Federación Provincial Agraria:

Eiquí collen todos, meu querido D. Celidonio; iste non é un partido políteco qu'impón un programa. Eiquí non hai máis programa qu'o goberno, pois a raza ten que recobral-a virilidade, e imos criar concencia (Risco 2008: 133-134).

Malia ao insatisfactorio exame de conciencia que D. Celidonio fai a seguir, percorrerá outra vez de maneira ascendente o *cursus honorum* e acabará por ocupar de novo a alcaldía. A súa chegada ao poder saúdase cun ton elevado (outra vez, paródico), cheo de referencias ao mundo romano, e para a súa posterior homenaxe recórrese á autoridade dun autor ben próximo á ditadura, neses anos de 1927-1928, Ramiro de Maeztu.

Esta é outra das alusións en *OPDP* relacionadas co discurso do réxime primorriverista que deberon facer boa rexouba entre o público coetáneo, a que se desenvolve entre as páxinas 139 e 147 da edición orixinal, e que aparece colocada na novela xusto antes de relatar as honras recibidas por D. Celidonio, xa no treito final da narración. Nesta «secuencia», menciónase explicitamente a

¹⁸ A traxectoria política de Manuel Suárez Castro foi longa e chegou a ocupar a alcaldía da cidade de Ourense na II República. Foi asasinado tras o levantamento fascista de 1936 (Bermejo Pumar 1987: 277-289; Quintas Ferreiro 2008).

¹⁹ Así o recollen numerosos artigos na prensa, por exemplo, *La Zarpa*, nº 805, 12/03/1924, p. 1 (en diante, citaremos este xornal como LZ); LZ, nº 837, 18/04/24, p. 1; LZ, nº 844, 27/04/1924, p. 1; LZ, nº 845, 29/04/1924, p. 1; EPG, nº 115, 10/06/1924, p. 7; EPG, nº 37, 9/03/1924, p. 7.

Ramiro de Maeztu e a serie de artigos que durante os anos 20, especialmente entre 1925 e 1926 (máis non só) lle dedicou este intelectual a desenvolver e publicitar a súa tese sobre o «sentido reverencial do diñeiro»²⁰. É posíbel que unha boa parte dos trazos con que Risco trazou o personaxe de D. Celidonio proveñan, ou garden bastante relación, cos estes artigos de Maeztu. Neles, o autor vitoriano defende a necesidade de acumular diñeiro (o aforro) non para gastar ou para destinalo ao luxo e á ostentación, senón para xerar máis diñeiro. O «senso reverencial» a que alude Risco é para Maeztu a necesidade de considerar o diñeiro, e por tanto a riqueza e o poder, non só como un ben útil, senón como un trazo moralmente bo, que é consecuencia da virtude (Maeztu 2013: 58-61, 115-118, 123-130, 135-138, 170-173, etc.). Nestas colaboracións, aparecidas case todas elas noxornal madrileño *El Sol*, Maeztu desenvolve un canto ao aforro como clave da prosperidade, mesmo propugnando o recoñecemento social para o aforrador e para o capitalista (2013: 111-114, 174-177, 178-181...), con encomios incluídos para a figura do banqueiro (2013: 139-146). Ao tempo, insiste unha e outra vez na equivocación que supón dedicar o diñeiro ao pracer, ao luxo ou á ostentación, fronte á conveniencia de gardalo e acumulalo, para despois destinado ao investimento «produtivo», á xeración de máis diñeiro (2013: 45-48, 53-57, 62-65, 81-84, 115-118...), xa que precisamente a acumulación de riqueza evidenciaba un «primado» dos valores espirituais (2013: 33-36, 81-84, 127-130). Tal e como alude Risco de xeito explícito na súa novela (2008: 139-141), tamén para Maeztu o capitalismo e o aforro distan moito de ser motivos de explotación dos traballadores, senón que resolven a cuestión social traendo unha orde xusta e xeradora de riqueza (2013: 45-48, 53-57, 62-65, 111-118...). E non dubida Maeztu en inserir a necesidade e a conveniencia do aforro e do investimento produtivo, non ostentoso, no marco dun discurso rexeneracionista de carácter patriótico español, nunha liña de ecos paternalistas que era moi do agrado do réxime de Primo de Rivera (Maeztu 2013: 58-61, 73-76, 107-110, sobre o aspecto máis patriótico).

Risco alude en *OPDP*, non sen sarcasmo, a que as ideas de D. Celidonio eran aquelas mesmas que as de Maeztu, só que o primeiro non as expuña de xeito tan sinxelo a como o facía o rexedor de Oria (parece que se limita a encarnalas na ficción), se ben Xaquín Gondulfes ou Aser das Airas sérvenlle como pretexto á voz narradora para que as ideas de D. Celidonio/Maeztu sexan matizadas, ou mesmo terxiversadas. Como é frecuente na obra de Risco, este desenvolve até o extremo da parodia os argumentos que considera ridículos, e así a reverencia ao diñeiro de Maeztu alcanza categoría de dogma dunha igrexa que observa nel unha trindade, con cánones e igrexa militante, con culto, teoloxía, etc. As ideas de Maeztu constitúen o preámbulo que xustifica precisamente a homenaxe que recibe o personaxe de D. Celidonio, encarnación este da virtude e do modelo de Maeztu nos tempos de 1928.

²⁰ Tales artigos non foron recompilados en forma de libro até a publicación póstuma das *Obras Completas* de Maeztu a cargo de Vicente Marrero en 1957. Hai unha reedición posterior en forma de libro por parte de García de Leániz Caprile, que difire parcialmente da de Marrero, e pola cal nós citaremos os textos. Vid. Maeztu 2013.

No entanto, a escolla de Ramiro de Maeztu en absoluto semella inocente na parodia de Risco. Cómpre lembrarmos que en 1927-1928, momento en que posibelmente se redixa e cando ten lugar a impresión de *OPDP*, a identificación a ollos da opinión pública entre a ditadura de Primo de Rivera e o xornalista de orixe gasteiztarra era evidente. Maeztu, que xa durante o inicio dos anos 20 era un xornalista moi ben pago e cunha notábel presenza na imprensa, contaba cunha posición privilexiada no xornal *El Sol*. Foi precisamente en febreiro de 1927 cando este intelectual «rompeu» con esta importante cabeceira madrileña (por considerala demasiado radical) e renunciou a seguir colaborando nela. Preferiu publicar en *La Nación*, o xornal promovido pola propia ditadura. Xa nas colaboracións na imprensa de finais de 1926, Maeztu viña louvando o réxime de Primo e a súa política, e foi dos poucos intelectuais que conforme pasaban os meses continuaron defendendo o Directorio, mesmo coa militancia nas filas de Unión Patriótica. Este camiño que percorre Maeztu, coetáneo á escrita de *OPDP*, tivo dous fitos importantes, como foron a súa participación a finais de 1927 nos traballos da Asemblea Consultiva con que o réxime pretendía elaborar un novo marco legal, e a súa designación como embaixador en Arxentina, en decembro dese mesmo ano, o que aproveitou para continuar a facer apoloxía da ditadura (García Queipo de Llano 1988: 238-241, 428-460; González Cuevas 2003: 210-250).

Con todo, é posíbel que, para alén da relación explícita entre o discurso sobre o sentido reverencial do diñeiro e a caracterización do personaxe de D. Celidonio, haxa máis relacións entre os artigos de Maeztu nestes anos e *OPDP*. Outras teimas que podemos apreciar na lectura das colaboracións en prensa do futuro embaixador en Buenos Aires que ecoan no romance son a ameaza bolxevique (que xa apuntamos máis arriba), así como a necesidade dunha autoridade forte que mantivese a orde, asuntos moi presentes nos pesadelos do Sr. Latas Tinajero²¹.

Reparemos agora no reverendo do diñeiro, na figura do protagonista, epifanía do suceso e da autoridade na nova orde da ditadura de Primo de Rivera, e

²¹ A presenza Ramiro de Maeztu na prensa escrita e a súa participación nos debates públicos foi constante ao longo da década de 20 (e xa antes). No ámbito galego descubrimos na hemeroteca frecuentes alusións á súa figura e ás súas ideas e, por regra xeral, cando esas mencións proveñen de figuras vinculadas ao galeguismo, as simpatías non son moitas. O propio Vicente Risco discrepou explicitamente nas páxinas de diferentes publicacións co xornalista vasco xa desde o comezo da década de 20, tanto sobre a orixe do lirismo galego portugués como sobre as apreciacións a cerca do nacionalismo ou as súas propostas dunha reforma educativa amparada pola ditadura de Primo de Rivera (Risco 1922a, 1922b, 1922c, 1924), por citar algúns exemplos. Sobre a serie de artigos a propósito dese sentido reverencial do diñeiro non encontramos alusión ningunha de Risco na prensa, mais si de Villar Ponte (1926) (que xa tiña contrariado noutras ocasións a Maeztu) ou de Plácido Castro (1927), traballos xornalísticos onde se manifesta a discordancia coas teses do integrante da xeración do 98. Mais non todas as alusións a Maeztu que se poden ler na prensa galega son negativas. Houbo quen saudou con satisfacción o seu nomeamento como embaixador, subliñando a conveniencia de que os intelectuais españois asuman tarefas diplomáticas, ao tempo que aproveita para facer unha acre observación sobre a proxección de Villar Ponte ou Otero Pedrayo (Correa Calderón1928).

tamén no seu sogro, D. Baldomero García. Hai discrepancias nos estudos sobre *OPDP* á hora de identificalo ou non cun referente real e histórico do primeiro terzo do séc. XX en Ourense. Fronte á tese de que non se trata dun personaxe real que o autor traslada ao mundo de ficción, senón dun ser inventado por Risco para ser vehículo da súa visión conceptual da sociedade (Morán 2008: 214-216), encontramos outras interpretacións que defenden que nos personaxes de *OPDP* hai elementos referenciais concretos que fican traspostos polos procesos de ficcionalización (Forcadela 2008: 163, se ben nese traballo non se mencionan exemplos concretos). Foi a prof. Olivia Rodríguez quen adiantou unha proposta máis concreta, no caso do protagonista (e non só, como levamos visto), ao sinalar a posíbel correlación de D. Celidonio con Olegario Muñiz, entre outros, un coñecido comerciante que ocupou a alcaldía de Ourense en 1924; mais como tamén foi sinalado, non se deben establecer correspondencias biunívocas entre eles (Rodríguez 2016b: 206). Desde o noso punto de vista, é esta a tese máis acaída dado que certos parecidos entre D. Celidonio e esta figura real aínda poden entreverse hoxe e, seguramente, resultarían bastante evidentes para os coetáneos, malia a certas diferenzas que, máis unha vez, Risco introduce na caracterización dos personaxes e que neste caso apuntan a outras figuras históricas reais e ben máis importantes que o Sr. Muñiz Álvarez.

Fagamos unha análise algo detallada sobre estes posíbeis referentes da vida ourensá para os personaxes de D. Celidonio e, en menor medida, tamén para o seu sogro, Baldomero García. As noticias con que contamos sobre Olegario Muñiz, para alén do seu paso pola alcaldía e dos cargos desempeñados en diferentes entidades da sociedade ourensá²², indican que foi socio e desempeñou o cargo de xerente en *Hijos de Simeón García de Ourense* tras a renovación desta sociedade en 1915, unha sociedade que viña funcionando como tal na capital auriense desde 1887, onde comezara a funcionar como sucursal de *Simeón García y Cía* en 1879, empresa esta última con domicilio social en Santiago²³.

A estratexia de expansión deste grupo matriz consistía en ir abrindo sucursais por diferentes urbes (nos inicios, en Galiza) a través de sociedades en que a entidade compostelá actuaba como socio maioritario e na cales daba entrada a socios minoritarios que tiñan a obriga de administralas, así como de permanecer fisicamente na actividade comercial do día a día da correspondente sucursal. Estes socios minoritarios foron en moitos casos empregados da sociedade que gañaran un alto grao de confianza e que se tornaban en xerentes; deste modo, tiñan incentivos para o aumento das vendas ao participaren nos beneficios e o seu grao de compromiso coa empresa era moi elevado ao expoñeren o seu propio capital. Como acontece na trama de *OPDP*, estes empregados adoitaban ser familiares ou ben proceder da mesma área xeográfica que os donos da sociedade matriz, o que era moi habitual en bastantes empresas comerciais durante o séc. XIX. Desde 1907, HSG foi entrando tamén no negocio minorista e diversi-

²² Liceo, Coro De Ruada, Cámara da Propiedade...

²³ Sobre as diferentes sociedades Simeón García de Ourense, Viuda e Hijos de Simeón García de Ourense ou Hijos de Simeón García de Ourense, a partir de agora SGO, VHSOG ou HSGO, segundo o caso, seguimos o excelente traballo de Facal Rodríguez (2005).

ficando a súa actividade nos sectores inmobiliarios e financeiros; a filial ourensá seguiu este proceso, en boa parte grazas á absorción ou adquisición de sociedades competidoras, ou de clientes que non puideron saldar as súas débedas con HSGO. O capital da sucursal ourensá medrou desde as 90.000 ptas. con que abriu en 1887 até os 2.000.000 en 1929.

Olegario Muñiz non foi o primeiro xerente de HSGO, nin segundo consta na documentación foi o único socio minoritario desta empresa. O seu antecesor na xestión da sociedade, curiosamente, si tiña o apelido García (como Baldomero, o sogro e mentor de D. Celidonio), non era natural de Ourense e talvez tivese algún vínculo de parentesco con Simeón García. Falamos de Ruperto García Pérez, desde 1882 administrador e xestor da sucursal de SGO (substituíndo a Antonio Orejas) e desde 1887, cando se constitúe a sociedade regular comercial, e até 1929 socio minoritario de SGO e das súas sucesivas denominacións VHSGO e HSGO.

Nas primeiras páxinas de *OPDP* relátase brevemente a progresión económica do sogro de D. Celidonio, Baldomero García, o personaxe de Risco que posibelmente remite ao primeiro xefe da Casa Simeón en Ourense. De facto, na trama do romance ao Sr. Latas Tinajero só lle cabe xerir e administrar o importante capital económico acumulado polos seus sogros e ao cal el accede mercé ao matrimonio con Nicasia. Salvando as diferenzas dos produtos con que comercia, lemos que Baldomero, antes de ser saudado co título de don, comezou a facer cartos vendendo polas portas, logo abrindo unha pequena tenda, aforrando todo canto podía, e despois, unha vez que xa vai adquirindo unhas modestas propiedades inmobiliarias, enténdese que por vender a crédito, faise coas rendas e co negocio de «comerciantes vellos, de moita fachenda, qu'andaban no comercio c'un pucho negro de raso de seda e trataban co-a xente principal» (Risco 2008: 8-12). A implantación de Simeón García y Cía en Ourense comezou precisamente coa absorción, por débedas contraídas con eles, de Rodríguez Orejas y Cía, xa en 1879, o que lle permitiu á entidade acreedora establecer unha casa comercial na cidade auriense, así como almacéns no Carballiño e Ribadavia.

Como no romance de Risco, parece que a estratexia de vender a crédito e aproveitar as dificultades de certos clientes facilitou a incorporación da filial ourensá ao negocio inmobiliario. Non na Praza Maior, como D. Baldomero, mais na década de 1890 a Casa Simeón elevou o seu magnífico edificio na hoxe chamada rúa do Progreso. Outro dato relevante no referido aos negocios de HSGO foi que a súa carreira no negocio bancario comeza na altura en que algúns dos «vellos» competidores deste sector creban, como foi o caso de Pedro Romero y Hermanos en 1921. Nese constante e seguro proceso de crecemento, Ruperto García e despois Olegario Muñiz semella que foron pezas moi importantes (Facal Rodríguez 2005: 13-15, 45; Rivas Villanueva 1990: 149 e ss.).

Descoñecemos o lugar de nacemento de Ruperto García, mais a diferenza de D. Baldomero non trouxo a muller de Castela, xa que casou cunha señora apelidada Feijóo, e aínda que ficou viúvo como o personaxe de *OPDP*, o seu matrimonio non tivo fillos. Porén, trazos comúns entre Baldomero e Ruperto parece que eran a baixa estatura, así como o mal xenio. Polo visto, Ruperto

García inspirou unhas coplas populares de intención satírica a propósito do rigor con que trataba o persoal solteiro da empresa, que durmía na propia sede laboral, como D. Celidonio en *OPDP*. Así mesmo, ambos tiveron orixes humildes e comezaron a súa carreira traballando en modestos almacéns, mais como «*hormiga afanosa*» Ruperto García chegou a dirixir o almacén de Simeón García en Ourense sendo aínda ben novo. Por último, a diferenza do «aforrador» D. Baldomero, semella que Ruperto García foi un asiduo doador para múltiples iniciativas, desde o Oratorio Salesiano até as festas do Corpus, pasando por un monumento a Rosalía, o roupeiro de Sta. Victoria ou os soldados en África, de maneira que é difícil deducir que morrese «aforrando»²⁴.

Volvendo á persoa de Olegario Muñiz, son inequívocas algunhas diverxencias entre esta figura real e o D. Celidonio trazado por Risco. Por exemplo, como xa indicamos, o ámbito comercial dun e máis doutro. Se ben D. Baldomero e posteriormente Celidonio asentaron a súa fortuna no negocio dos comestíbeis (Risco 2008: 9, 17-20), a actividade que desenvolveu a sociedade de Olegario Muñiz, HSGO, baseouse nos seus inicios no comercio de tecidos ao por maior. Outro trazo que afasta o personaxe de ficción do suposto correspondente real é a orixe xeográfica. En *OPDP*, D. Baldomero e toda a súa familia incluído Celidonio proceden xenericamente de Castela, mentres que os fundadores de HSG, Simeón García e a súa muller, Juana Blanco Navarrete, viñeron de Ortigosa de Cameros, na Rioxa, berce de significados comerciantes durante o séc. XIX e comezos do XX, con negocios en Galiza. Pola súa parte, o propio Olegario Muñiz Álvarez parece ser que era tudense e a súa muller, María Guerra Valdés, de Verín²⁵. De modo análogo, semella que Olegario Muñiz non puido casar cunha filla do seu patrón, ou cando menos do artífice inicial da empresa de que foi socio minoritario mais xerente xa que, como dixemos, Ruperto García non tivo descendencia.

Con todo, as coincidencias tamén resultan doadas de observar. Como lle sucedeu a D. Celidonio unha vez que acadou unha posición económica relevante, Olegario Muñiz pode ser considerado como integrante das «forzas vivas» de Ourense no período final da I Restauración Borbónica. Entrou a formar parte da comisión de xestión económica da Cámara de Comercio, entidade que chegou a presidir, formou parte dunha «*Asociación del Fomento de Orense*» (que malia a non ir a Madrid para tratar duns paseos co ministro de Fomento, si chegou até Vigo para falar de infraestruturas), asistiu a reunións nos salóns da Alcaldía

²⁴ Rivas Villanueva 1990: 193-194; *Gaceta de Galicia: Diario de Santiago*, nº163, 19/07/1896, p. 2; *El Eco de Orense*, nº 4282, 28/10/1901, pp. 1-2; *El Eco de Galicia: órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas*, nº 518, 10/03/1906, p. 7; *Gaceta de Galicia: Diario de Santiago*, nº 117, 24/06/1914, p. 1; *El Correo gallego*, nº 18540, 3/03/1931, p. 1; *Vida gallega*, nº 480, 31/03/1931, p. 38.; LZ, nº 3270, 1/03/1932, p. 1; *La Región*, nº 1542, 12/03/1915, p. 1; nº 1577, 24/04/1915, p. 2; nº 2095, 12/01/1917, p. 2; nº 2389, 17/01/1918, p. 1; nº 6189, 3/03/1931, p. 8...

²⁵ *El Correo de Galicia*, nº 1246, 8/12/1929, p. 11.

para debater a conveniencia para Ourense dun pavillón sanitario ou dun asilo, ou ben foi elixido vogal da Junta Local de Reformas Sociales²⁶.

Porén, non sabemos se Olegario Muñiz tivo cargos de responsabilidade política ou institucional con anterioridade ao golpe de Estado de Primo, malia a ser xa daquela unha «forza viva», algo que si se dá no relato de ficción con D. Celidonio, onde se refire que, tras a súa visita a Madrid e unha vez curado do «mal roxo», o protagonista chegou a alcalde e mesmo se achaba máis cómodo no concello que no seu comedor «estilo hespañol» (Risco 2008: 61, 80-81). Houbo tamén en Ourense persoas que ocuparon cargos políticos no Concello antes e despois do golpe de Estado, como foi o caso de Narciso Rivas, por exemplo, antecesor de Olegario Muñiz na alcaldía, cuxa fugaz presidencia da corporación municipal ourensá semellou polémica, unha figura que parece adecuarse mellor ás palabras que lemos en *OPDP*, segundo as cales deixar o poder político é moito máis doloroso que deixar o tabaco²⁷. Agora ben, como D. Celidonio, o «*opulento industrial*» Olegario Muñiz participou nas reunións previas á constitución dun novo partido político da ditadura e despois entrou a formar parte del. Igualmente, seguindo un breve *cursus honorum*, Olegario Muñiz foi elixido alcalde nos primeiros tempos da ditadura, en dúas ocasións no seu caso, o 11/01/1924 e posteriormente renovou a confianza da corporación o 4/04/1924, nuns tempos algo convulsos dentro da vida municipal ourensá. Conservou a alcaldía até comezos de 1925, cando pasou a ocupar o cargo de deputado provincial²⁸. Ora ben, malia as felicitacións que Olegario Muñiz tivo por ocupar a alcaldía, non recibiu unha homenaxe tan apoteósica como esa que os conveciños de Oria lle tributan a D. Celidonio na obra de ficción, talvez porque a turbulenta vida política do concello en Ourense deparou un número importante de alcaldes no último trimestre de 1923, ficando lonxe a proclamación unánime e providencial dunha figura carismática. Porén, con maior probabilidade, a explicación sería que na vida real tales mostras de reverencia estaban reservadas ás máis altas autoridades do estado²⁹.

²⁶ *La Región*, nº 1513, 6/02/1915, p. 1; nº 2800, 31/05/1919, p. 2; nº 2829, 5/07/1919, p. 1; nº 2831, 8/07/1919, p. 2; nº 2984, 20/01/1920, p. 2; nº 3858, 20/02/1923, p. 2... Sobre as «forzas vivas» no romance, Risco 2008: 26-28.

²⁷ LZ, nº 744, 30/12/1923, p. 1; nº 745, 1/01/1924, p. 1; nº 749, 5/01/1924, p. 1; nº 755, 12/01/1924, p. 2; Bermejo Pumar 1987: 288-290; Risco 2008: 132.

²⁸ *La Región*, nº 4124, 12/01/1924, p. 2; *Galicia*, nº 452, 12/01/1924, p. 2; EPG, nº 32, 4/03/1924, p. 6; *La Región*, nº 4197, 6/04/1924, p. 2; nº 4198, 8/04/1924, p. 2; LZ, nº 930, 8/04/1924, p. 1; *La Región*, nº 4528, 7/05/1925, p. 1; *El Progreso; semanario independiente*, nº 5726, 7/05/1925, p. 3.

²⁹ Como no caso de Cabanillas, non parece que Olegario Muñiz se sentise ofendido por *OPDP* ou gardase rancor ao movemento nacionalista, ou agrarista, tras a publicación desta obra. Por exemplo, ocupou a presidencia do coro De Ruada en xaneiro de 1929 e baixo o seu mandato Camilo Díaz Balaño foi contratado como director artístico da agrupación; dedicou parte das súas enerxías no verán de 1928 a presidir a comisión organizadora da homenaxe a Basilio Álvarez en Ourense, e no outono desde mesmo ano voltou coincidir co autor de *OPDP* nun organismo oficial, a nova Junta del Patronato Provincial de Turismo de Ourense, sen que polo visto houbera maior problema debido a esa convivencia. Tampouco semella un dato irrelevante que Vicente Risco ocupase cargos institucionais nos mesmos anos en que Olegario Muñiz presidía a corporación

Reparemos agora nesa homenaxe final que recibe D. Celidonio, un episodio de *OPDP* con gran importancia no desenvolvemento da obra. A profesora Rodríguez González (2016b: 214), partindo do propio Risco, indicou que o ton en que se refire a homenaxe e máis o ambiente de submisión e culto ao líder remiten, antes que ao alcalde de Oria, á figura do propio ditador Miguel Primo de Rivera, agochado por razóns de censura baixo o traxe de D. Celidonio. Concordamos parcialmente con esta interpretación, que se ve corroborada se consultamos na hemeroteca como foi esa 1ª viaxe de Primo de Rivera a Ourense a que alude Risco en 1930.

No seu periplo por terras galegas, o ditador visitou Ourense o 29 e 30 de xullo de 1924. Ao igual que aconteceu en moitas outras localidades, segundo describe a imprensa, Primo de Rivera entrou na cidade das Burgas no medio dunha inmensa expectación e cunha grande multitude á súa espera. Horas antes da súa chegada, a capital ourensá estaba xa ateigada con representantes (e bandeiras) de Sociedades Agrarias, de concellos de toda a provincia, comités da Unión Patriótica... mesmo chegaban trens con miles (!) de persoas para aclamar o ditador, que habería de comparecer uniformado. Seis ou sete bandas de música interpretaron a Marcha Real no medio de «*nutridas ovaciones*» mentres Primo se dirixía ao Goberno Civil, e posteriormente ao concello. Non faltaron os moitos discursos, o desfile de tropas, as mocións de diferentes entidades, as recepcións que conclúen con «*champagne de honor*», as visitas ao cuartel de S. Francisco e á catedral, a presenza dos 96 alcaldes da provincia, a iluminación especial de edificios públicos e particulares, e, por suposto, os banquetes. O primeiro deles tivo lugar na Deputación tras a súa chegada, comezou ás 4 da tarde, reuniu un amplo aínda que selecto grupo de asistentes e concluíu co primeiro discurso do Presidente do Directorio Militar en Ourense. O segundo banquete, de carácter popular, celebrouse ese mesmo día da súa chegada nos Xardíns do Posío e contou con aproximadamente 1.400 ou 1.500 comensais, segundo as fontes; nel, non faltaron os alalás e muiñeiras do coro Os Enxebres, a música da banda municipal e mesmo houbo «*fuego volador de Portugal*». Tal banquete foi ofrecido a Primo de Rivera polo alcalde, Olegario Muñiz, e tamén parece que rematou con outro optimista e prometedor discurso ditatorial. Ao día seguinte, antes da súa partida para Lugo ás 9 e media da mañá, o marqués de Estella aínda tivo tempo para visitar o Instituto de Ourense, «*primer centro de enseñanza*» da cidade, onde entre outras impresións, puido constatar o deficiente estado en que se encontraba o seu paraninfo e reparar nas posibilidades para o seu mellor acondicionamento, antes de asinar no «*álbum de firmas de personalidades ilustres*» que lle ofreceu o xefe da Biblioteca Provincial³⁰. Infelizmente, non se conserva tal libro de sinaturas, onde para alén da rúbrica do marqués de Estella figuraban entre outras a do ex-sultán de Marrocos Muley

municipal ourensá. Vid. *El Heraldo Gallego*, nº 771, 5/08/1928, p. 8; EPG, nº 1457, 21/10/1928, p. 10; nº 1520, 3/01/1929, p. 12; nº 1659, 19/06/1929, p. 10; Beramendi 2008: 743.

³⁰ Vid., por exemplo, «El presidente del Directorio en Orense», LZ, nº 922, 30/07/1924, p. 1-2; «El presidente del Directorio en Galicia. Ayer llegó a Lugo», LZ, nº 923, 31/07/1924, p. 1; «La excursión del jefe del Gobierno», EPG, nº 157, 30/07/1924, p. 5.; «Primo de Rivera en Galicia», EPG, nº 158, 31/07/1924, p. 2.

Haffid ou a do ex-primeiro ministro da República Portuguesa Afonso Costa, porque tal documento ardeu xunto con outros 25.000 volumes na noite do 8 de decembro de 1927, no incendio que afectou o edificio do Instituto, sede tamén da devandita Biblioteca provincial, así como da Escola Normal e dos fondos do Museo Arqueolóxico. Semella que as boas palabras de 1924 non se concretaron nunha reforma significativa, á vista da sorte que correu o edificio visitado por Primo de Rivera, aínda que nun feliz paradoxo, o paraninfo, «*que presentaba visibles señales de ruina*», foi respectado polo lume³¹. Non é preciso recordarmos que, con toda probabilidade, este episodio do incendio do Instituto inspira o clímax final do romance, onde un camión de bombeiros atravesaba a praza de Oria a toda velocidade (algo que non ocorreu en Ourense, porque en 1927 non había tal corpo de bombeiros) e despois a música continúa a tocar.

Porén, non só a figura do marqués de Estella parece encarnarse en D. Celidonio no episodio final da homenaxe. Na nosa opinión, é nestas páxinas onde se apunta con maior claridade a José Calvo Sotelo en todo *OPDP*. Con anterioridade a Primo de Rivera, o flamante director xeral da Administración Local percorrera Galiza en abril de 1924 para, sobre todo, pregoar o Estatuto Municipal. Como parece que era norma, tamén a súa chegada a Ourense o día 27 dese mes foi multitudinaria (9.000 persoas esperaban por el na estación) e desenvolveu un cumprido programa nunha cidade engalanada: recepcións varias, discursos (con apelacións contra a «*yernocracia*» incluídas), mitin municipalista (10.000 persoas na Praza Maior?), bandas de música, xantar popular no claustro do polivalente Instituto (máis modesto que o posterior do marqués, só entre 500 ou 700 persoas, porque non cabían máis), conferencias e cea íntima nas salas do concello (con música e actuación do coro De Ruada), ágape que remata despois da unha e media da noite tras a interpretación do Himno Galego³². Non consta que nesta ocasión houbera incendios, mais cómpre lembrar que en *OPDP* a D. Celidonio agasállano cun traxe de «Xefe Superior d'Administración», que ten severas dificultades para vestir, mais que loce ao longo da xornada, un título que fai case imposible non pensarmos no cargo ocupado polo político tudense nesa altura (despois, co Directorio Civil chegaría a ministro de Facenda). Tamén D. Celidonio é nomeado, entre outras honras, Presidente da Xuntanza Cibdadana, ao igual do que sería designado Calvo Sotelo, xefe da Unión Patriótica de Ourense (Risco 2008: 148 e ss.; Ben Ami 2012:194). Así mesmo, nas páxinas de *OPDP* que mencionamos máis arriba, onde se alude con ecos do

³¹ «Una irreparable pérdida para Orense. El Instituto Nacional de Segunda Enseñanza de Orense es destruído per (sic) un voraz incendio», EPG, nº 1199, 9/12/1927, p. 10; «Orense al día. Las fuerzas vivas de la ciudad y e[l] incendio del Instituto», EPG, nº 1200, 10/12/1927, p. 13; «Orense al día», EPG, nº 1201, 11/12/1927, p. 11.; «Un pavoroso incendio destruye más de la mitad de nuestro primer Centro de Enseñanza», LZ, nº 2137, 9/12/1927, pp. 1-2; «Después del incendio ocurrido en nuestro primer centro docente. Las autoridades siguen recibiendo numerosos telegramas lamentando el siniestro», LZ, nº 2138, 10/12/1927, pp. 1-2.

³² «El viaje del señor Calvo Sotelo. Su llegada a Orense», LZ, nº 844, 27/04/1924, p. 1; «El señor Calvo Sotelo en Orense», LZ, nº 845, 29/04/1924, pp. 1-2; «Orense. Calvo Sotelo», EPG, nº 81, 30/04/1924, p. 6; «La propaganda del Estatuto. El Sr. Calvo Sotelo en Orense», *Galicia*, nº 497, 29/04/1924, p. 1.

mundo clásico ao carácter providencial de D. Celidonio, a voz narradora destaca o seu vínculo co ámbito municipal e identifica o protagonista cunha das maxistraturas romanas menores, relacionada co goberno da cidade, o edil curul, no que ben pode ser unha parodia da importancia ou das esperanzas que o cacarexado Estatuto Municipal espertara, ao tempo que se subliña o carácter subalterno que tiña o Sr. Latas Tinajero (ou Calvo Sotelo) na xerarquía (Risco 2008: 137-138).

Agora ben, o ambiente de euforia e as multitudes (revista de tropas, bombas de palenque, banquetes con centos de comensais, caravanas de vehículos, recepcións múltiples, discursos, estradas engalanadas con bandeiras e festóns, a asfixiante cobertura na imprensa...) continuaron a rodear a Primo nos seus periplos por toda Galiza, non só en Ourense, ao longo de toda a ditadura. Por exemplo, en 1928, cando aparece *OPDP*, Primo inaugurou os matadoiros do Porriño en abril e pasou parte do verán no balneario de Mondariz, con excursións frecuentes e pintorescas. Mesmo celebrou un consello de ministros en María Pita, na Coruña. Mais en relación con *OPDP* hai unha grande diferenza entre as visitas de Primo e de Calvo Sotelo en 1924, e as posteriores. Ao longo de 1924 unha parte do galeguismo estaba a colaborar coa ditadura e ocupou cargos institucionais coa promesa dunha Mancomunidade imposíbel. Para alén das entrevistas e reunións máis ou menos discretas que Losada ou Risco puideron manter con Calvo Sotelo (por exemplo, Risco 2010: 175, 181, 183-184), na primeira viaxe do marqués de Estella en tanto que ditador a terras galegas, o autor de *OPDP* participou publicamente en, polo menos, dous dos actos de recepción a Primo de Rivera na cidade das Burgas, como recolle, por exemplo, *La Zarpa*.

E isto remítenos a outra correspondencia, tampouco biunívoca, entre Vicente Risco e o pouco heroico antagonista de *OPDP*, o Dr. Alveiros, e non só polo seu interese nas ciencias ocultas, o seu gosto polos libros ou por ser home de espírito (Outeiriño 2008: 30-32; Rodríguez 2016b: 207), senón porque ambos finalmente «caeron» cativados pola ambición diante de figuras suíñas. Se é factíbel ler tamén en *OPDP* unha ollada cara á actitude política dalgúns nacionalistas (o propio Vicente Risco incluído, Outeiriño 2008: 32) chea de ironía e distancia, talvez de xeito indulxente se apuntaba en 1928 que esa errada colaboración inicial co réxime golpista e a participación do propio Risco no encenamento de adhesión á figura do ditador en 1924 correspondesen a unha motivación semellante á que explica a presenza do Dr. Alveiros na homenaxe a D. Celidonio: unha tentación espuria, unha obra do Demo...

Na altura en que tal «caída» tivo lugar, foron variadas as voces que criticaron esa colaboración de antigos irmandiños co réxime do marqués de Estella, e a figura de Risco (non só) concentrou boa parte dos dardos, por causa do seu liderado nos meses anteriores e o seu posicionamento contrario á intervención nas institucións políticas. Catro anos despois, cando xa se producira unha reconciliación dentro do movemento nacionalista e se comezaba a traballar de maneira decidida na creación dunha alternativa política para cando a ditadura caese, ese xesto do Dr. Alveiros podía entenderse como o recoñecemento do

erro que foi, por parte de Risco e doutros destacados dirixentes da ING, caeren na tentación de colaborar co grotesco ditador e a súa recua³³.

V.- CONCLUSIÓNS

Despois do que levamos exposto, parece evidente que os contidos políticos non son unha parte cativa en *OPDP*. Ante a presión da censura para suprimir do espazo público calquera asunto de carácter político que non fose laudatorio ou anuente coa ditadura, a ficción dun romance extenso ofrecía unha vía de certa liberdade para expresar propostas ou críticas sobre o que debiera ser ou o que non podía ser o goberno e as institucións. A sorte que correron os artigos sobre a «Políteca do noso tempo» en ANT nos primeiros meses de 1928, así como colaboracións na prensa posteriores, en 1930, ou a propia publicación de *El problema político de Galicia* nese ano demostran a vontade de Risco para intervir e dirixir no nacionalismo, mais tamén evidencian os límites á liberdade de expresión. Con *OPDP*, en certa medida, o autor puido traspasalos.

Tamén apreciamos que, nese debate político, o romance Risco recrea tres encrucilladas estratéxicas que o nacionalismo galego enfrontara entre 1918 e 1924, como son a participación nos procesos electorais dos últimos anos da I Restauración borbónica, a cooperación co movemento agrarista e a colaboración coa ditadura de Primo de Rivera. Talvez a modo de catarse, Risco bota unha ollada sarcástica sobre episodios recentes, familiares para os coetáneos. Malia o galeguismo non aparecer de forma explícita en *OPDP*, é posíbel recoñecer na súa trama que está a sinalar erros políticos alleos (a imposibilidade de competir nun terreo electoral corrupto cun inimigo onnipotente) e propios (esperanzas no movemento agrarista, acreditar nas promesas da ditadura).

Porén, esas encrucilladas e eses inimigos, en 1928 (ou nos estertores finais da *ditablanda*, en 1930), non estaban encerrados definitivamente no pasado. A sombra de Bugallal e doutras redes caciquís séntense como axexantes na prensa periódica galeguista; o movemento agrario reactiva a súa actividade a partir de 1928 (Cabo 1998: 174) e ha de recibir bastante atención en *El problema político de Galicia*; a ditadura estaba realizando un esforzo considerábel desde finais de 1926 para perpetuarse por medio dunha nova constitución que habería de elaborar a Asemblea Consultiva. O romance de Risco non só sinala erros pasados, senón que apunta igualmente a inimigos e posibilidades actuantes no contexto en que se escribe *OPDP*.

Así mesmo, quixemos ponderar a presenza na ficción dalgúns referentes reais concretos para destacados personaxes, institucións e situacións (case todos

³³ Sobre as críticas a Risco ou Villar Ponte, o proceso de reconciliación no seo do galeguismo e as tentativas de construíren unha alternativa política nos últimos anos da ditadura: Beramendi 2008:739-752, 755-759; Vázquez Souza 2003:185-188, 215-224; Ínsua 2016: 493-450. A vulgar polo que Risco escribe a Losada Diéguez na altura en que o «entendemento» con Calvo Sotelo se estaba fraguando, era ben consciente da incoherencia que tal manobra supuña a respecto da actuación anterior (Risco 2010: 170).

eles vinculados coa política): Gabino Bugallal Araújo e familia, a Federación Provincial Agraria de Ourense, a Unión Patriótica, Olegario Muñiz Álvarez, Ruperto García Pérez, José Calvo Sotelo, o propio Miguel Primo de Rivera, as mobilizacións masivas de adhesión á ditadura... A través da hemeroteca e da historiografía comprobamos como os elementos da ficción literaria de *OPDP* gardan notábeis semellanzas con estes, mais en case todos eles Vicente Risco insire trazos ou datos que non son totalmente coincidentes, por veces, como no xogo entre D. Celidonio-Olegario Muñiz-Primo de Rivera-Calvo Sotelo, superpoñendo varias capas sobre unha mesma figura. Ora ben, seguramente esas disparidades entre o real e o parodiado non deberon levar a engano a un público lector coetáneo que seguise minimamente a actualidade do seu tempo, só serviron como defensa para o autor do romance.

Por último, na nosa opinión, non é menor o detalle final en que o Dr. Alveiros acaba por ceder á tentación do Demo e acode a render homenaxe, tamén el, ao Porco de Pé. A identificación, doada, para moitos membros das IF entre este personaxe e Vicente Risco podería suxerir que o autor ourensán estaba a recoñecer publicamente un erro propio, posibelmente indigno coa perspectiva do tempo, como era ter colaborado cun réxime tan pouco exemplar como foi a ditadura de Miguel Primo de Rivera. Seguramente este xesto de «contrición» fose máis outra achega importante para que o antigo Conselleiro Supremo da ING recuperase ou mantivese (segundo o caso) o respecto e a autoridade dos seus correligionarios irmandiños, no momento en que o galeguismo se reunifica e olla cara o futuro.

En definitiva, no presente traballo quixemos comprender algo mellor a que se refería o correspondente alaricano cando describía *OPDP* como «*sangrienta sátira, salpicada de estupendas ocurrencias*». Agora que podemos falar con maior clareza do que o anónimo xornalista, aínda que con moitos menos coñecementos, tórnase moi difícil non concordarmos con el.

BIBLIOGRAFÍA

- Barreiro Fernández, X. R. (coord.) (2003)² *Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2003). Tomo I*, Compostela, Parlamento de Galicia / RAG.
- Ben Ami, Sh. (2012) *El cirujano de hierro: la dictadura de Primo de Rivera (1923-1930)*, Barcelona, RBA.
- Beramendi, J. G. (2008)² *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.
- Bermejo Pumar, M^a C. (1987) «Las elecciones municipales en Orense (1899-1931)», *Boletín Auriense*, XVII, pp. 257-291.
- Cabo Villaverde, M. (1998) *O Agrarismo*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.

- Cabo Villaverde, M. + Soutelo Vázquez, R. (2000) «As Liñas tortas da República, unha visión de conxunto sobre o poder local na provincia de Ourense, 1931-1936», *Grial*, 148, pp. 619-645.
- Castro, P. R. (1927) «El ahorro en Inglaterra», *El Pueblo Gallego*, 993, 10/04/1927, p. 1.
- Correa Calderón, E. (1928) «España en el extranjero», *El Pueblo Gallego*, 1240, 26/01/1928, p.1.
- Facal Rodríguez, M^a. J. (2005) «Los orígenes del Banco Simeón: Evolución de los negocios de Simeón García de Olalla y de la Riva (1857-1983)», en <https://www.aehe.es/viii-congreso-aehe-2005/> [consultado 17/04/2018].
- Fernández Armesto, F. (1928) «El libro gallego. Una novela de Risco», *La Libertad*, 2655, 22/09/1928, p. 6.
- Figueroa, A. (1996) *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras literaturas*, Compostela, Sotelo Blanco.
- Forcadela, M. (2008) «O porco de pé como cronografía», *Boletín Galego de Literatura*, 39-40, pp. 159-184.
- García Queipo de Llano, G. (1988) *Los intelectuales y la dictadura de Primo de Rivera*, Madrid, Alianza Editorial.
- González Cuevas, P. C. (2003) *Maeztu. Biografía de un nacionalista español*, Madrid, Marcial Pons Historia.
- Ínsua López, E. X. (2005) *Sobre O Mariscal, de Cabanillas e Villar Ponte: contexto, xénese, contido e peripecia dunha obra-mestra do teatro galego*, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor.
- Ínsua López, E. X. (2016) *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*, A Coruña, Baía Edicións.
- Maeztu, R. de (2013) *El sentido reverencial del dinero*, Madrid, Ediciones Encuentro. Edición e prólogo de Ignacio García de Leániz Caprile.
- Millán Otero, X. M. (1996) «Grupo Nós, Vicente Risco», en *Historia da literatura galega. Vol.3*, [Vigo], Asociación Socio-Pedagóxica Galega/ANT, pp. 738-768.
- Morán Fraga, C. C. (2008) «Regreso a *O porco de pé*», *Boletín Galego de Literatura*, 39-40, pp. 211-238.
- Outeiriño, M. (2008) «O humor político de Risco», en Risco (2008) *O porco de pé*, [Vigo], Galaxia. Ed. facsimilar non venal.
- Prada, J. + López Blanco, R. (2001) «Galicia», en Varela Ortega, J. (dir.) *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875-1923)*, [Madrid], Marcial Pons Historia /CEPC, pp. 349-381.
- Pro Ruíz, J. (2005) «Gabino Bugallal (1861-1932). Conservar a Restauración», en Vallejo Posada + Pro Ruíz + Pan-Montojo *Cobián, González Besada*

- e Bugallal: tres ministros galegos na crise de Restauración*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, pp. 225-314.
- Quintas Ferreiro, F. J. (2008) «Manuel Suárez Castro: o primeiro alcade socialista da cidade de Ourense», *Claridade: revista da Fundación Luís Tilve*, 5, pp. 153-164. http://www.fundacionluistilve.com/catalogor_pdf/2008_clar_5.pdf [consultado o 12/08/2019].
- Quiroga, A. (2007) *Making spaniards: Primo de Rivera and the nationalization of the masses*, Houndmills, Palgrave Macmillan. [Hai tradución española: (2008) *Haciendo españoles: la nacionalización de las masas en la Dictadura de Primo de Rivera (1923-1930)*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales].
- Rei, L. (2009) *Ramón Cabanillas: crónica de destierros e saudades*, Vigo, Galaxia.
- Rivas Villanueva, L. (1990) *Banqueiros ourensáns na Restauración*, Ourense, La Región.
- Risco, V. (1922a) «Cousas», *La Zarpa*, 229, 22/04/1922, p. 1.
- Risco, V. (1922b) «Hermes, revista del País Vasco», *Nós*, 11, 26/06/1922, pp. 19-20.
- Risco, V. (1922c) «Nótulas», *Nós*, 12, 25/08/1922, p. 17.
- Risco, V. (1924) «O asunto dos Latinorios», *El Pueblo Gallego*, 36, 08/03/1924, p. 1.
- Risco, V. (1930) (sen título), *A Nosa Terra*, 269, 01/02/1930, pp. 8-9.
- Risco, V. (1994) *El problema político de Galicia*, en Risco, V. *Obras completas, Tomo 4*, Vigo, Galaxia.
- Risco, V. (2008) *O porco de pé*, [Vigo], Galaxia. Ed. facsimilar non venal.
- Risco, V. (2010) *Epistolario de Vicente Risco a Antón Losada Diéguez*, Ourense, Deputación Provincial. Introducción e notas de J. Ventura Ruiz
- Rodríguez González, O. (2016a) «Prólogo», en Risco, V. *O porco de pé*, Vigo, Galaxia, Ed. de O. Rodríguez González, pp. 7-38.
- Rodríguez González, O. (2016b) «*O porco de pé*, unha sátira do irmán Vicente Risco na Galiza da ditadura», en Fernández Pérez-Sanjulián, C. (ed.) *As Irmandades da Fala, cen anos despois*, A Coruña, Servizo de Publicacións da UDC, pp. 199-216.
- Rospir, J. I. (2017) «Estudio preliminar. La obsesión de la prensa y su censura: Primo de Rivera 1923-1930», en Iglesia, C. de la *La censura por dentro*, Madrid, Ed. Fragua, pp. VII-LV.
- Santiago, J. (1928) «Un momento de la literatura gallega», *El Heraldo de Madrid*, 13202, 22/05/1928, p. 7.

- Santoja, G. (1986) *Del lápiz rojo al lápiz libre. La censura previa de publicaciones periódicas y sus consecuencias editoriales durante los últimos años del reinado de Alfonso XIII*, Barcelona, Anthropos.
- Vázquez Souza, E. (2003) *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro moderno*, Sada. Edición do Castro.
- Villar Ponte, A. (1926) «Cuando el ahorro puede considerarse virtud», *El Pueblo Gallego*, 659, 11/03/1926, pp. 1-2.
- Villar Ponte, A. (1928a) «Tres libros meritorios», *El Pueblo Gallego*, 1409, 26/08/1928, p. 1.
- V[illar] P[onte], A. (1928b) «O Porco de Pé, novela de Vicente Risco, A Cruña, NÓS, 1928», *Nós*, 58, 15/10/1928, p. 192.